



Concello  
SOUTOMAIOR  
Pontevedra

## Educación + Medio ambiente + Voluntariado Programa **SI QUERO, COLABORAR**

O Concello de Soutomaior pon en marcha un novo programa de educación e sensibilización medioambiental no que se implican varios departamentos: Educación, Medio ambiente e Voluntariado co fin de promover iniciativas mediante as cales os veciños e veciñas poidan implicarse e formarse para participar en accións de voluntariado na natureza.

### Os obxectivos deste programa son:

- Contribuír á redución do impacto que a acción humana ten sobre o Patrimonio Natural.
- Facer sustentable o uso de recursos naturais.
- Promover a educación ambiental e a participación cidadá no coidado da natureza.
- Concienciar sobre a necesidade de mudar as nosas prácticas de consumo.
- Ofrecer formación básica sobre como conservar e protexer os espazos naturais.

O obxectivo final é potenciar o patrimonio natural do Concello e promover valores de respecto e conservación.

### Como funciona o programa?

As persoas interesadas en participar nestas accións inscribíranse, mediante un proceso moi sinxelo, no programa e así formarán parte do Plan Municipal de Voluntariado que lles dará cobertura legal a todas estas accións.

Dentro do programa ofertaranse varios **tipos de actividades en función do espazo natural no que vai a intervir e as súas problemáticas. Algunhas das accións serán, por exemplo:**

- Selección, recollida e tratamento de residuos.
- Investigación (catalogación de flora e fauna).
- Identificación e redución de especies invasoras.
- Diminuír os danos que se producen no patrimonio cultural do entorno dar a coñecer o patrimonio paisaxístico e forestal que existe no monte veciñal e reducir o risco de lume.



Concello  
SOUTOMAIOR  
Pontevedra

**Metodoloxía:**

Cada acción será levada a cabo por profesionais na materia que combinarán formación, explicacións técnicas, a acción concreta, o lúdico, a convivencia e a práctica de actividades saudables.

**Inscricións e documentación necesaria:**

É obrigatorio inscribirse previamente para participar nesta xornada PORQUE cada acción forma parte do Plan Municipal de Voluntariado e a lexislación esixe que as persoas voluntarias estén dadas de alta para así contratar os seguros de RC, garantir os seus dereitos e tamén que sexan informados/as das súas obrigas (Lei 3/2000, de decembro do Voluntariado de Galicia).

- Fotocopia de DNI
- Compromiso de voluntariado (menor de idade ou maior de idade)
- Fotocopia de DNI (si es menor de idade tamén do representante legal)

**Máis información e inscrición:** na OMIX, Tel. 986700822, [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)  
[educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com) IMPRESCINDIBLE INSCRICIÓN PREVIA!!!

**2º ACCIÓN: HOXE IMOS INFORMAR E CONCIENCIAR**

---

**Datas, lugares e horarios:** martes 26 de xuño de 17.00 a 19.00 h e 15 de xullo de 17.00 a 20.00 h

- **ACCIÓN:** selección, recollida e tratamento de residuos

**Obxectivo:** sensibilizar sobre o impacto que teñen os residuos que chegan os nosos ríos e reflexionar sobre o impacto visual e as consecuencias que teñen para a fauna, a flora e o ser humano. Concienciar sobre a necesidade de reducir residuos.

**Breve descrición da xornada:**

A acción constará de dúas sesións:

- Unha sesión de "aula", que se levará a cabo na Carballeira de Arcade se o tempo o permite o 26 de xuño, durante cal se inventarán diferentes slogans para concienciar do mal que fan os residuos na natureza, e se pintarán sobre pequenos paneis.
- Unha sesión de traballo de campo o 15 de xullo (que se levará a cabo na praia da Ponte Colgante sobre o Verdugo) durante a cal se colocarán os carteis pintados



Concello  
SOUTOMAIOR  
Pontevedra

anteriormente e se falará coa xente que esté no río, para informala e concienciala sobre o problema citado. Haberá tempo para un baño e un pequeno refrixerio durante a actividade.

#### **Perfil das persoas voluntarias?**

- **Titulación:** non requirida
- **Experiencia:** ningunha
- **Idades:** as persoas menores de 12 anos poderán participar pero sempre acompañadas dunha persoa adulta. As autorización de menores terán que ser asinadas polos seus responsables e titores legais.
- **Perfil:** aberto a toda aquela persoa interesada en coñecer o que nos rodea.
- **Material necesario que traen as persoas participantes:** roupa cómoda e que se poida manchar.

**Número de prazas:** 22

**Prazo de inscrición:** ata 22 de xuño

**Documentación:** fotocopias DNI + acordo de colaboración